

O VIGO DA RECONQUISTA

A Voz de Galicia (9/11/2008)

Vigo entra no século XIX como unha vila próspera, na que se move o diñeiro. A pesca e a salgadura forxaron unha burguesía puxante, mentres que a actividade corsaria deixa ouro nos petos dos vigueses, que o invisten no incipiente comercio. É sinxelo mercar na vila un chapeu ou uns zapatos á última moda, mentres aparecen xoierías de prestixio, como as dos prateiros Duarte O Vello e Duarte O Mozo, os máis afamados da época. É Vigo xa vila grande, que a finais de 1808 ten un censo de dous mil familias, que suman uns dez mil habitantes, o que a levan a ser a cabeceira da comarca, xa en aberta competencia coa capital provincial, Tui.

Só un século antes, o municipio tiña a cuarta parte de veciños, pero a do XVIII foi unha centuria próspera. A principal noticia foi a concesión a Vigo do privilexio do comercio naval, que antes pertencía a Baiona. Xunto co porto da Coruña, convértese na porta de entrada e saída de mercancías en Galicia. Ademais, nos últimos cincuenta anos, chegaron a Vigo fomentadores cataláns que veñen con novas ideas de desenvolvemento industrial, revolucionando a pesca da sardiña e instalando fábricas de salgadura por toda a costa. Para dar maior impulso aínda á economía local, a guerra con Inglaterra supuxo o inicio da actividade corsaria, con toda unha escuadra de buques armados que acosaban aos mercantes inimigos fronte á costa galega.

Le atentamente o texto anterior, e comenta as palabras que non entendas.

Imos comenar un traballo para coñecer como era Vigo a principios do século XIX.

Axudándote do **texto**, das **Ferramentas para aprender máis** que atoparás na **páxina web do colexio (sección Biblioteca)**, e das **Enciclopedias** da Biblioteca contesta a estas preguntas, e escribe as respostas.

1. Cantos habitantes ten Vigo a principios do século XIX?
E a principios do século XVII?
2. Cal era, ata entón, a capital da provincia?
3. Que tres feitos impulsaron a economía viguesa a principios do século XIX?
4. A principios do século XIX, Vigo era unha vila. Que diferenza existe entre unha vila e unha cidade?
5. Que diferenza hai entre un corsario e un pirata?
6. Que era a patente de corso?
7. Quen eran os fomentadores cataláns?